



Llibros

ESTUDIOS DAS TERRAS DEL NAVIA-EO

- Varios autores.
- Colección Os Llibros d'Entrambasaugus n° 1, Academia de la Llingua Asturiana, Secretaría Llingüística del Navia-Eo, 1998.
- 195 páginas.

Primeiro número d'Os Llibros d'Entrambasaugus, colección que edita el Academia de la Llingua Asturiana a través da Secretaría Llingüística del Navia-Eo.

Neste volume colectivo xuñanse todas as comunicaciós que se presentaran en Uviéu alló nel ano 1996 nas XV Xornadas d'Estudiou organizadas pol Academia de la Llingua Asturiana. Públiganse aquí sólo as que tían que ver con asuntos del Navia-Eo: investigaciós hestoriográficas, estudos etnográficos sobre el hurro, a casa, a recocida del ouca, a roupa, os sistemas de regadío, as agrupacións musicais, reflexiós sobre a enseñanza do gallego-asturiano, sobre a relación entre a fala e o desarrollo local, trabayos de mena llingüística sobre dalgúns fenómenos da nosa fala... Todo feito por xente da zona e por especialistas da Universidá asturiana;

arousa, os sistemas de regadío, as agrupacións musicais, reflexiós sobre a enseñanza do gallego-asturiano, sobre a relación entre a fala e o desarrollo local, trabayos de mena llingüística sobre dalgúns fenómenos da nosa fala... Todo feito por xente da zona e por especialistas da Universidá asturiana;

os sistemas de regadío, as agrupacións musicais, reflexiós sobre a enseñanza do gallego-asturiano, sobre a relación entre a fala e o desarrollo local, trabayos de mena llingüística sobre dalgúns fenómenos da nosa fala... Todo feito por xente da zona e por especialistas da Universidá asturiana;

Mais cultura

El sábado 8 d'agosto han a ferse na Casa de Cultura de Castropol as Primeiras Sesións d'Estudio del Occidente. Promovidas pol Conceyu castropoleño, cua colaboración da Secretaría Llingüística del Navia-Eo y úa subvención da Conseyería de Cultura, han a xuntar en sesión de mañá y tarde a estudiosos da cultura das nosas terras. Llingua, lliteratura, hestoria... na nosa fala. Aproveitando o ocasión presentase el libro *Estudios das terras del Navia-Eo*.

Estas Sesións tein a novedá de que van anunciarse, na nosa fala, na radio y na televisión local. Tamén vai haber esos días na Biblioteca úa exposición de llibros y publicaciós en gallego-asturiano. Úa búa ocasión pr'aforadar más nel conocemento da nosa cultura.



Enseñanza

El claustro del Instituto "Galileo Galilei" de Navia aprobó o mes de febreiro pasao a creación d'úa asignatura optativa de gallego-asturiano para o curso que vén. É úa consecuencia natural do deseño curricular do centro, que fala do respeito e a implicación que ten que ter cua fala do entorno. Agora só resta qu'a Conseyería de Cultura del Principado mande un profesor ao centro pra cubrir esa nova necesidá educativa.

Lliteratura

Entre os días 27 e 29 de marzo celebrouse en Lluanco (Gozón) a V Xunta d'escritores asturianos. A ella asistiron non sólo escritores en asturiano senón que tamén tuvo presente a nosa fala, o gallego-asturiano. Crisanto Veiguela, poeta veiguense, falou da nova poesía que se a fendo polos escritores da rexón do Navia-Eo, a os que denominou "poetas en lingua gallega". Fredo de Carbaxe, colaborador d'ENTRAMBASAUGUAS, espuxo na súa comunicación o sou ver sobre a polémica da definición da nosa fala como "gallego-asturiano" ou como "gallego" a secas, poñéndose del lla o da primeira das definicións e da visión qu'hai detrás d'esa denominación. Defendeu un camín normativizador onde nun tían riñidos os criterios de corrección e pureza llingüística co respecto e o achegamento á fala viva. Carbaxe insistiu nesa idea: mal imos se pra defender a supervivencia da fala del Navia-Eo temos qu'escribir noutra llingua, ermá y asomeñada, pero que nun é a nosa.

Con motivo d'esta Xunta editouse un llibro que quer ser úa mostra dos poetas mozos y unde, ademáis dos escritores en asturiano, Fredo de Carbaxe publica tres poesías e fai de representante da lliteratura d'enguano en gallego-asturiano. Entre as conclusións qu'aprobou esta Xunta d'Escritores ta a de pedir a oficialidá del asturiano e del gallego-asturiano.

Revista

Temos que chufaryes a revista *Asturies. Memoria encesa d'un país*, publicación do "Conceyu d'Estudios Etnográficos Belenos". *Asturies* xa vai pol cuarto número e nel último, como xa é avezaio, fálase d'un feixe d'asuntos, todos relacionaos cua nosa comunidá: hestoria, antropoloxía, etnografía, arqueoloxía, música, economía, fauna... A publicación, de máis de cen páginas a todo color, ten úa presentación feita con todo o procura y qu'axina enche o oyo.

As colaboraciós tán escritas en asturiano mais sempre hai sitio para nosa fala. D'esta volta é un interesante artículo en gallego-asturiano, "Os estelleiros del Porto", d'ún dos maiores especialistas asturianos en temas marineiros: Monchu Rodríguez. El autor fai un repaso do actividade da construcción de barcos na centuria pasada nel Porto (El Franco) e hasta brinda úa lista das embarcaciós qu'allí se fixeron. Illústrase todo con fotos veyas d'este lugar pixoto.



Concursos

Acaba de convocarse o VIII Premio XEIRA de narraciós curtias que, d'esta volta, aumenta a súa dotación, 75.000 ptas. As obras tein que mandarse por cuadriplicado nun sobre sin remite a XEIRA, Apartao nº 5, 33750 A Caridá. Dentro do sobre hai que meter outro, zarao, onde se metan as señas do autor ou autora. El prazo pérdeuse o 15 d'outubro de 1998.